

**PAU
XUÑO 2016
XEOGRAFÍA**

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- a) Relacione cada número co nome da illa que aparece no documento 1 (1 punto).**
- b) Analice os tipos de documentos e identifique a rexión bioxeográfica á que pertence a imaxe do documento 2 (1 punto).**
- c) Comente os elementos da paisaxe natural que aparecen no documento 2 (1 punto).**
- d) Explique como inflúen os condicionantes físicos no desenvolvemento da vexetación típica desta rexión (1 punto).**



2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Relacione cada número co nome da illa que aparece no documento 1 (1 punto).

As illas do arquipélago canario citadas son:

- 1.- A Palma
- 2.- Gomera
- 3.- Hierro
- 4.- Fuerteventura
- 5.- Lanzarote

b) Analice os tipos de documentos e identifique a rexión bioxeográfica á que pertence a imaxe do documento

2 (1 punto).

O documento 1 é un **mapa** mudo do arquipélago canario. O documento 2 é unha **fotografía panorámica** que presenta unha paisaxe correspondente á **rexión macaronésica**.

c) Comente os elementos da paisaxe natural que aparecen no documento 2 (1 punto).

En primeiro termo da imaxe atopamos unha **vexetación xerófila de matogueira** (o faial-brezal canario, mesturado con tabaibas e cardóns), á beira de **palmeiras** e un endemismo característico como é o **drago**.

No último plano observamos un **pico volcánico**, na súa meirande parte espido de vexetación. Non obstante, nestas áreas é característico o **escalonamento da vexetación en pisos** (basal, montano, subalpino, alpino e nival).

O relevo montañoso, espido de vexetación, culminaría a máis de 3000 m de altitude en puntos como o Teide, habitualmente cuberto de neve. Porén, na imaxe -probablemente de primavera ou verán-, esta cuberta de neve permanente non se observa.

d) Explique como inflúen os condicionantes físicos no desenvolvemento da vexetación típica desta rexión (1 punto).

Os condicionantes físicos que inflúen no desenvolvemento desta paisaxe vexetal son:

- A **situación xeográfica** da área na **rexión subtropical**, nun **arquipélago illado**, no Océano Atlántico,

moi **próximo á beira occidental de África**. Esta situación favorece a presenza de **endemismos** e **reliquias** propias da rexión (ex.: o drago).

- O **relevo, fortemente contrastado**, de **orixe volcánica**, que descende cara ao mar en fortes pendentos.

Isto provoca un **escalonamento en pisos da vexetación**.

- O **clima**, de carácter **subtropical**, está sometido habitualmente á influencia do **anticiclón das Azores**, aos **ventos alisios do NE** e aos **secos ventos saharianos**. As consecuencias son que: 1) na área setentrional, a influencia dos alisios achega maior humidade; 2) na área meridional a sequidade é maior. A paisaxe presenta entón unha **gran diversidade**,

alternando a **laurisilva húmida** no Norte e a **vexetación xerófito** nas áreas máissecas do Sur.

- Os **solos, volcánicos**, alí onde son máis profundos permiten o crecemento máis exuberante da vexetación.

Onde a humidade escasea, o resultado son **solos subdesérticos** moi pouco aptos para o crecemento da mesma.